

Número de expediente:2020/TRIBUNAL/000010

RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DE PERSOAL E CULTURA POLA QUE SE APROBA O NOMEAMENTO DE PERSOAL AUXILIAR DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE TÉCNICO/A MEDIO/A DE XESTIÓN INCLUÍDA NA OEP DO ANO 2019 (QUENDA PROMOCIÓN INTERNA).

Consonte á base 8ª das bases xerais que rexen a convocatoria do proceso selectivo convocado para a provisión dunha praza de técnico/a medio/a de xestión, incluída na oferta de emprego público do ano 2019, pola quenda de promoción interna, publicadas no bop núm. 50 do 12 de marzo de 2020, o tribunal cualificador poderá valerse de persoal auxiliar durante o desenvolvemento material dos exercicios.

Para garantir a axeitada organización e desenvolvemento na realización do proceso selectivo, o tribunal acordou a incorporación de persoal auxiliar para a colaboración nas tarefas administrativas, loxísticas e de xestión.

Á vista do anterior esta concellería de goberno, no exercicio das súas atribucións delegadas,

RESOLVE:

Primeiro.- Designar en calidade de persoal auxiliar para o proceso selectivo convocado para cubrir unha praza de técnico/a medio/a de xestión, incluída na oferta de emprego público do ano 2019, pola quenda de promoción interna a dona Emma Estévez Domínguez, xefa de negociado do Servizo de Cultura e Festas.

Segundo.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra para xeral coñecemento e efectos e, de forma complementaria, na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal).

Así o dispón a concelleira responsable de Persoal e Cultura, no exercicio das súas atribucións delegadas, en Pontevedra, na data da sinatura electrónica, do que o Secretario da administración municipal da fe.

